



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS DEZASETE, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE 2009.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Iglesias Diaz, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Liger Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o concelleiro D. Javier Domínguez Lino; actuando como Secretaria Xeral a da corporación D^a. Paula Díaz Ramos e como interventora municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3212.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 27/01/2009, 02/02/2009 E 17/02/2009.- Dáse conta das actas anteriores das sesións realizadas os días 27/01/2009, 02/02/2009 e 17/02/2009; as que quedaron aprobadas por unanimidade.

3213.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3204.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO ICIO CORRESPONTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: EXP. 427/06 DE D^a DOLORES FERNÁNDEZ CARBALLA E EXP. 453/08 DE D^a M^a CARMEN CERNADAS GARCÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3205.-

CONTRATACIÓN, OBRAS FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.- Uniuse copia ao expediente e comunicouse ao departamento de contratación; 3206.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN FISCAL REGULADORA DO IMVTM.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra; 3207.- MOCIÓN DO PP, REVISIÓN TAXAS RESPECTO AO IPC REAL DO ANO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao arquivo do expediente; 3208.- URBANISMO, PROXECTO DE MOFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NUM. 16-B-15, RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1 DE RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse xunto con copia do expediente á Dirección Xeral De urbanismo para a súa aprobación defintiva; 3209.- ACTO DO SORTEO PÚBLICO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE PARTICIPARÁN NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALIZA QUE SE REALIZARÁN O 1 DE MARZO DE 2009.- Uniuse certificaión do acordo ao expediente e notificouse aos membros das mesas electorais; 3211.- ACTO DO SORTEO PÚBLICO DE NOVO NOMEAMENTO DE MESAS ELECTORAIS QUE PRICIPARÁN NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALIZA QUE SE REALIZARÁN O 1 DE MARZO DE 2009 TRAS AS EXCUSAS PRESENTADAS E ADMITIDAS POLA XUNTA ELECTORAL DE ZONA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos membros das mesas electorais.”

A Corporación dáse por enterada.

3214.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último Pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos membros da corporación xunto cos demais asuntos que figuran na orde no día.

A Corporación dáse por enterada.

3215.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN ERRO ARTIGO 5º ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE SANEAMENTO.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da proposta da alcaldía de data 11 de febreiro de 2009, no que se propón a subsanación do erro cometido no artigo 5º da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento para o ano 2009 consistente na omisión do prezo do m/3 de auga que debería fixarse en 0,258 €.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de febreiro de 2009 e que di o seguinte: “Dáse conta da

proposta da Alcaldía, de data 11 de febreiro de 2009, sobre subsanación de erro no artigo 5º da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por a prestación do servizo de saneamento para o exercicio 2009, consistente nunha omisión, en dito artigo, que regula as cotas tributarias da taxa, xa que na cota correspondente as Fábricas e Industrias con alto consumo de auga unicamente se estableceu cota fixa de 116,865 euros, omitindo por erro o prezo do m3 de auga que debería haberse fixado en 0,258 euros e por tanto a subsanación do erro cometido deberá ser publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para darlle a publicidade necesaria como estipula a lexislación vixente.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, o pleno **ACORDOU:**

Primeiro: aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de saneamento para o exercicio 2009.

Segundo: Facultar ao Sr. alcalde para os trámites legais procedentes.

3216.- REVISIÓN DO CANON SERVIZO PÚBLICO RECOLLIDA RSU E TRANSPORTE A UN CENTRO DE TRATAMENTO, LIMPEZA VIARIA E DESRATIZACIÓN.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de febreiro de 2009 e que di o seguinte: "Dáse conta dos escritos de CESPAS, S.A., empresa concesionaria do "Servicio público de recollida de residuos sólidos urbanos en todo o municipio de Poio e o seu transporte a un centro de tratamento, limpeza viaria e desratización", de data 6 de agosto de 2008 solicitando aprobación do novo canon para o ano 2008 en base á aplicación da fórmula polinómica e o escrito de data 9 de febreiro de 2009 na que se relacionan 18 viais que se inclúen nos recorridos do servizo de recollida en Poio e que deben engadirse con efectos 1 de xaneiro de 2008, de cara dita revisión de prezos, e dáse tamén conta do informe da intervención municipal de data 10 de febreiro de 2009.

O Sr. Martínez Nacemento manifesta que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSPOE), ningún voto en contra e 7 abstencións (7 PP), o pleno **ACORDOU:**

Primeiro: aprobar o ditame da comisión informativa de facenda, gobernación e contas e ao novo prezo para o ano 2008 que ascenderá a 581.267,35 € (IVE incluído) ascendendo o incremento con respecto ao prezo do exercicio 2007 a 59456,68 €.

Segundo: Facultar ao Sr. alcalde para os trámites legais procedentes.

3217.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO (RPT) POR AMORTIZACIÓN DE PRAZAS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 17/02/2009 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Persoal, de data 13 de febreiro de 2009, que di o seguinte:”Con data 12 de xaneiro de 2004 a Xunta de Goberno Local tomou acordo de coñecemento da Resolución de 24 de outubro de 2003 da Subdirección Provincial de Invalidez Permanente pola que se outorgaba a D. Juan José Radío Romay unha prestación de incapacidade permanente total sen que desde esa data se incorporase ao expediente resolución posterior ningunha relativa a revisión por melloría.

Da mesma forma o 24 de outubro de 2005, o mesmo órgano colexiado dáse por enterada do contido da Resolución da Dirección Provincial de Pontevedra do Instituto Nacional da Seguridade Social pola que se concede unha prestación por incapacidade permanente absoluta a D. Victoriano Da Silva Moldes, fixando un prazo dun ano para instar a revisión por melloría sen que desde o transcurso do mesmo se teña recibido comunicación do citado organismo nese sentido.

Así mesmo, e con efectos 13 de xaneiro de 2009 prodúcese a xubilación voluntaria do funcionario D. Adonis Pérez Abilleira previa acreditación do cumprimento dos requisitos e adopción do correspondente acordo en Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de decembro de 2008.

Ningunha das tres plazas afectadas responde a necesidades efectivas dado o proceso de remodelación que

está sufrir o Corpo de Policía Local como consecuencia da entrada en vigor da nova Lei de Coordinación das Policías Locais e de reestructuración que é necesario levar a cabo no Departamento de Obras e Servizos, polo que en uso das delegacións conferidas a esta Concelleira, elevo á Consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA : Primeiro.- Proceder a amortizar as prazas ocupadas polos tres funcionarios xubilados, iniciando os trámites para a correspondente modificación da relación de postos de traballo. " e do informe da Secretaria Xeral de data 16 de febreiro de 2009.

O Sr. Martínez Nacemento manifesta que o seu grupo vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación"

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, o pleno **ACORDOU:**

Primeiro: aprobar a proposta da Delegada de persoal de data 13 de febreiro de 2009, nos seus propios termos

Segundo: comunicar este acordo ao Departamento de Persoal para que se inicien os trámites necesarios para amortizar as prazas ocupadas polos funcionarios xubilados que se mencionan na devandita proposta realizándose a correspondente modificación da Relación de Postos de Traballo.

Terceiro: facultar ao Sr. alcalde para os trámites legais procedentes.

MOCIÓNS URGENTES.- Non se producen

ROGOS, PREGUNTAS.- Formúlanse as seguintes:

O Sr. Martínez Nacemento solicita a retirada total do alumado de nadal, xa que estamos no mes de febreiro e considera que xa pasou tempo suficiente, ademais solicita que se adecenten os lugares onde se colocou, xa que hai lugares do municipio onde quedan restos, por exemplo: rúa Maceira...

Así mesmo, pregunta como está o tema da moción aprobada en pleno anterior relacionado co plan de seguridade vial e cos pasos de peóns, xa que estes días

saiu na prensa que se aprobara.

A Sra. Besada Lores responde que o acordo do Pleno se remitiu á CPTOPT.

A Sra. Nieto García pregunta ao Sr. Alcalde que no Pleno do mes de decembro se comprometeu a convocar as mesa de integración dos veciños de Caritel.

Ademais, pregunta se o equipo de goberno ten pensado votarse atrás nos realoxos das familias xitanas en Caritel, xa que os acontecementos dos últimos días son importantes e graves e consideran que deben de dar volta atrás como se fixo en Monteporreiro.

O Sr. Alcalde di que se dará resposta a todas as preguntas formuladas por escrito.

INTERPELACIONES.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e cincuenta e cinco minutos, polo Sr. Presidente levántase a sesión, da que eu, secretaria xeral dou fe.